



## **DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data de sinatura electrónica.**

### **Nomeamento de tenente de alcalde (II)**

Visto o escrito de renuncia á Tenencia da Alcaldía presentada polo concelleiro don Jorge Pumar Tesouro de data 08.09.2020 (registro de entrada núm. 2020022707);

Considerando que, de conformidade co disposto no artigo 20.1.a) en relación co 125.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 33 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización, do Pleno e da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense; os Tenentes de Alcalde integran a organización necesaria das Entidades Locais e deberán ser designados de entre os membros concelleiros/as da Xunta de Goberno Local, coa función de substituír o Alcalde, pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade, sen prexuízo das competencias que o Alcalde lles poida delegar.

Considerando que o artigo 124.4.e) da mesma Lei, atribúe ao Alcalde a competencia para nomear e cesar os Tenentes de Alcalde e que, neste sentido, o artigo 34.1 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización, do Pleno e da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, establece que os Tenentes de Alcalde son nomeados e revogados libremente polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Visto que por decreto da Alcaldía núm. 2020003172 do 02.07.2020 se nomearon os membros da Xunta de Goberno local, de acordo cos preceptos citados e demais de xeral aplicación, esta Alcaldía-Presidencia no exercicio das súas competencias;

### **RESOLVE**

**PRIMEIRO.-** Nomear Tenente de Alcalde (único) ó concelleiro e membro da Xunta de Goberno local don Armando Ojea Bouzo.

**SEGUNDO.-** A presente resolución producirá efectos dende a mesma data da súa sinatura, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello.

**TERCEIRO.-** Notificarlle persoalmente a presente resolución ó concelleiro nomeado. O nomeamento cosiderarase tácitamente aceptado, salvo manifestación expresa en contra.

**CUARTO.-** Darlle conta desta resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, do que eu como oficial maior, dou fe.

O alcalde-presidente

Gonzalo Pérez Jácome

O oficial maior

Carlos Javier Fernández Fernández

